

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MAR

RESOLUCIÓN do 10 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se convoca un novo proceso de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro no ámbito territorial dos concellos de Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña e Arteixo.

Antecedentes:

1. O desenvolvemento local participativo das zonas de pesca estará gobernado polos grupos de acción local e levarase a cabo a través de estratexias de desenvolvemento local integradas, multisectoriais e baseadas en zonas, e os criterios de selección das estratexias serán definidos polos Estados membros.

2. A Orde do 6 de abril de 2015 (DOG núm. 71, do 16 de abril) fixo pública a convocatoria de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo no período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia.

3. O 22 de xaneiro 2016, por resolución da Consellería do Mar, foron seleccionadas 7 organizacións como grupos de acción local do sector pesqueiro, restando por seleccionar candidato ao GALP na zona correspondente aos municipios de Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña e Arteixo.

Consideracións legais e técnicas:

1. O Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, que establece no título III, capítulo II, o desenvolvemento local participativo (DLP).

2. O Regulamento (UE) 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derrogan os re-



gulamentos (CE) nº 2328/2003, (CE) nº 861/2006 1198/2006 e (CE) nº 791/2007, do Consello, e o Regulamento (UE) nº 1255/2011, do Parlamento Europeo e do Consello, regula nos artigos 58 a 64 o desenvolvemento sustentable das zonas pesqueiras e acuícolas, o cal contribuirá á prioridade número 4 da Unión de «Aumento do emprego e da cohesión territorial».

3. A Orde do 6 de abril de 2015 (DOG núm. 71, do 16 de abril) fixo pública a convocatoria de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo no período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia, quedando por seleccionar candidato ao GALP na zona correspondente aos municipios de Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña e Arteixo.

4. O punto 5 do artigo 14 da Orde do 6 de abril de 2015 establece que no suposto de que na primeira convocatoria queden zonas do territorio sen cubrir, facendo uso da posibilidade recollida no artigo 33.4 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, realizarase unha segunda convocatoria como máis tarde o 31 de decembro de 2017.

5. O artigo 15 da Orde do 6 de abril de 2015 establece que as asociacións candidatas seleccionadas poderán ter dereito á axuda preparatoria da estratexia, sen prexuízo de que a estratexia sexa finalmente seleccionada, para o que asinarán un convenio de colaboración coa Consellería do Mar, para a elaboración da EDLP.

6. A disposición derradeira primeira da Orde do 6 de abril de 2015 autoriza a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro para ditar cantos actos sexan necesarios para o desenvolvemento e execución do disposto da devandita orde.

Polo exposto, a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro,

RESOLVE:

Realizar a segunda convocatoria de selección de candidatos para a elaboración da EDLP para o territorio correspondente aos municipios de Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña e Arteixo, de conformidade co procedemento establecido na Orde do 6 de abril de 2015 (DOG núm. 71, do 16 de abril) pola que se fai pública a convocatoria de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo no período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia.



As entidades interesadas dirixirán as solicitudes á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ante a Consellería do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2016

Susana Rodríguez Carballo
Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

CVE-DOG: vm07eew3-e3z8-3123-gta6-1co1tke0xyu3





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO II

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
SELECCIÓN DE CANDIDATOS A GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO	PE210B	SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

EN CALIDADE DE

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

Que se compromete a elaborar unha EDL baseada nos recursos do territorio e cuantificada con obxectivos e prioridades, contando coa participación de todas as organizacións públicas e privadas interesadas implantadas no territorio.

Que se compromete a presentar un certificado de inscrición da asociación no rexistro administrativo por ser novo grupo.

Que se compromete a adaptar os estatutos ao cumprimento dos requisitos do candidato con anterioridade á selección da EDLP por ser un grupo existente.

Que manifesta interese na axuda preparatoria para a elaboración da EDLP.

Que actúa segundo atribucións fixadas nos estatutos en virtude da disposición

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

Copia do NIF da entidade solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta.

Copia do DNI/NIE da persoa representante, só no caso de non autorizar a súa consulta.

Certificado do órgano competente no cal se especifique o acordo polo que se autorizou o representante para formular a solicitude.

Acta de constitución e copia dos estatutos e, se é o caso, normas de funcionamento interno.

Certificado de inscrición da asociación no rexistro administrativo correspondente.

Memoria explicativa da delimitación do territorio, segundo a artigo 7.1.e).

Documentación relativa á organización candidata e asociados, segundo o artigo 7.1.f).

Proxecto para a implantación da EDLP, segundo o artigo 7.1.g).

Autorizo a Consellería do Mar de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade da persoa representante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

 SEDE ELECTRONICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: vm07eew3-e3z8-3123-gta6-1co1tke0xyu3



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO II
(continuación)

Autorizo a Consellería do Mar a consultar os datos do NIF que figuran en poder da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a: sxt.mar@xunta.es.


LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 6 de abril de 2015 pola que se fai pública a convocatoria de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo no período de programación do Fondo Europeo e Marítimo de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia.
- Resolución do 10 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se convoca un novo proceso de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro no ámbito territorial dos concellos de Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña e Arteixo.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data


, de de



Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro



Cofinanciado pola
Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e de Pesca

 SEDE ELECTRONICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

